

Venres 22 de outubro de 2022

Querido maltratador/a:

Ola! O meu nome é Lara teño 11 anos e vou no colexio C.E.I.P Canosa-Rus. Hoxe escriboche esta carta para preguntarche: por que? Por que lle fas iso a xente? Pensas que a xente se merece iso que lle fas? A ti gustaríache que te maltraten como o fas ti? Non fai falta que mates a ninguén para dicir que e maltrato. Cando insultas, molestas, berras ou fas algo que esa persoa non quere, iso xa é maltrato. Ponte nos zapatos de esa persoa, pensas que lle gusta todo o que lle fas? Algunha vez pensaches que esas persoas teñen amigos e familia? Ti sabes que cando maltratas a alguén non solo lle fas dano a esa persoa, se non que tamén a toda a súa familia e os seus amigos? Pero xa non só iso, ninguén por ningún motivo merece ser maltratado. Eu penso que si a ti durante un día che fixeran iso non aguantarías, pero ese non é o problema, o problema é que hai moita xente que ten que soportar eso pero non un día, toda a vida. Deberías darte conta e pensar no que fas, non se poden facer as cousas sen pensar, porque despois arrepiénteste. Pero se ti cambias a xente vai a cambiar a súa forma de pensar e non te seguirán vendo como unha mala persoa. E penso que prefires ter a xente que te queira e te respecte a estar só. Por favor, cambia a túa forma de ser. Necesitamos a xente boa neste mundo, non persoas que danan a outras. Coa túa axuda, e a dos demais, xuntos podemos facer deste mundo, un mundo mellor, sen maltratos. Só che pido que cambies! Non é tan difícil.

Grazas por ler isto.

Lara Bello Lema

CEIP Canosa-Rus

XIX CONCURSO DE CARTAS

DILLO A QUEN MALTRATA 2022

Coristanco, 3 de novembro de 2022

Ola maltratador:

Chámome Pablo, escriboche para comentarche unha cousa. O primeiro, pensa o que fas, se cho fixesen a ti, a que non che gustaría?

O segundo, por que o fas? Por diversión? Pois infórmoche que non é divertido e que das vergonza. Terceiro, por que maltratas? Por que agredes? Que ocorre? Estás tolo?

Non se pode ir así pola vida, tes que aprender que porque non lle gustes, porque non queira estar contigo, che caia mal ou sexa homosexual, tes que respectar porque cada un ten os seus gustos coma ti os teus e non por iso os tes que maltratar. Temos que reducir estes casos, non aumentalos, por favor non o fagas!

Eres unha persoa cun lado escuro, pero todos podemos cambiar, ti tamén! Tes unha parella a que lle revisas o teléfono, a que non lle deixas saír do piso e a que só obrigas a traballar. Déixalle a súa liberdade e privacidade, non eres dono de ninguén! Con esta carta quero transmitirche que a violencia nunca é a solución.

NON Á VIOLENCIA!

Pablo Pose Pereira, 6º A.

CEIP Canosa-Rus

Venres, 28 de outubro do 2022

Ola, maltratador :

Chámome Lucía escribo isto para comentarte un par de cousas :

Quería contarte que a xente pola túa culpa síntese mal , triste ... A miña pregunta é: porque o fas? Ti ás veces pensas como se sinte a xente cando os tratas mal , lle pegas e incluso os matas? Ti como te sintes? Eu si fora ti sentiría vergoña e asco hacía min . Coñezo a xente que esta destrozada pola túa culpa ,que non da durmido polo que lle fas, que teñen pesadelos sobre o que lle fas.

Un saúdo

Lucía Fariña Agrelo

CEIP Canosa-Rus

Coristanco, 2 de novembro de 2022

Queridos maltratadores e maltratadoras:

Chámome Sara, son do colexio CEIP Canosa Rus. Escribovos esta carta, dirixíndome a ti e a todos os maltratadores e maltratadoras do mundo. Porque non está ben o que facedes, e para que pades de facer o que estades facendo. Cando leades esta carta quero que penses ben o que estades facendo. Pola vosa culpa miles de familias quedan destruídas. Poñédevos no lugar das familias e das vítimas. A que non vos gustaría???

Igual que maltratades, porque non vos declarades culpables e ides a cárcere, non vos gustaría verdade. A min tampouco me gusta que me fagan dano, a min e a ninguén.

Por favor pídvos por favor, porque estamos no século XXI e hai xente que de noite non que ir soa pola rúa porque ten medo, medo de que persoas coma vós lle fagades dano.

Un día lin nunha páxina web que o ser humano, e o único ser que mata por pracer. A verdade e que me sorprende, pero despois penseino e dixer: os leóns matan para comer, os lobos tamén, e nós que non temos que cazar, nos dan case todo feito e somos o único ser que matamos por pracer. Non é que me pareza moi normal, pero é verdade. Temos que parar porque nós mesmos estamos arrasando con todo. Por iso, por ser lesbiana, gay, homosexual ou o que nos queiramos ser non nos teñen que matar.

Dame vergoña que xente coma vós fagades algo tan absurdo. O peor é que hai algúns maltratadores e maltratadoras, que despois de facer as cousas mal se suicidan para non cumprir cadea. Despois de matar a unha persoa non vos escondades, dade a cara porque para iso haber pensado as cousas dúas veces.

Pensade tamén en que vós tendes familia que cando salga a calle, a xente andivera dicindo “Ai! o seu fillo non sei que, a súa filla non sei canto!”. Pobres pais, pobres nais, pobres avós, pobres avoas. Ides arruinarvos a vida, a vós e a vosa familia.

E recordade falo con vós, coa xente que está indo por un mal camiño, para que o pensedes, e melloredes o voso comportamento.

Un saúdo, Sara Pena Fuentes

CEIP Canosa-Rus

Mércores 2 de novembro de 2022

Ola, maltratador:

Chámome Pablo e quería dicirche unhas cantas cousas. O que estás facendo é horrible. A xente séntese mal pola túa culpa. Falos sentir mal polo teu comportamento. Estes comportamentos deberíanse reducir ao máximo, xa que así viviríamos todos tranquilos.

Agora xa sabes o que se sente?

Aínda que eu non sei de ningún caso, pódoche asegurar que non te sentes ben. Péganche, bérranche, insúltante...

Espero que recapacites e deixes de facelo.

Un saúdo

Pablo Facal Porteiro

CEIP Canosa-Rus

DILLO A QUEN MALTRATA

Esta carta diríxoch a ti :

Ola, chámome Aritz e paréceme moi mal o que fas.

As persoas que maltratas sofren, imaxínome que a ti non che gustaría que che pegaran, que te atacaran, ou outros tipos de maltratos.

Imaxínate que eu agora secuéstrote e encérrote nunha habitación, sen comida e sen auga. Ou imaxina que che pegara e che fixera sufrir. Seguro que non che gustaría, non ? Así que se non queres que cho fagan ti, tampouco o fagas.

Ademais, podes rematar en prisión e separado da túa familia, ou das túas mascotas, por suposto, si as tes.

Con todo isto que che dixer, espero que aprenderas algo e non o volvas a facer.

Adeus,

Aritz

DILLO A QUEN MALTRATA

Esta carta vai dirixida a una persoa que coñezco de vista, os nomes son ficticios e a historia é completamente real.

Ola María,

Escribo esta carta para decirche que eres unha persoa **maltratadora**, aínda que non o consideres. Digoo esto por algo que vín un día o pasar por diante da túa casa e que nunca esquecín, dado que quedou gravado na miña memoria para sempre.

Xa sei que con isto non entedes o que estou a decir, pero vouche contar o que vín.

Todo sucedeu un día que miña nai nos foi a buscar o escola o meu irmán e a min. Cando miña nai nos vai buscar o escola e vamos directamente para casa, colle un atallo que ten unha carreta moi estreita, a cal pasa por diante da túa casa. Normalmente estades sentados mirando a carreta, pero aquel día foi diferente dado que miña nai tivo que para o coche antes de chegar a vosa casa dado que había outro coche de cor branco. Ata aquí todo parecía normal, pero de repente ti abriches a porta, de ese coche branco, desde fora e sacaches a un neno medio adolescente de dentro con moita brusquedade, pero non todo rematou aí. De repente empezaches a golpear no neno sin piedade, puñetazos, golpes e máis golpes, por todos lados. O neno non deixaba de chorar e resto da familia non facía nada. Eles non se percataron da nosa presenza ata que miña nai quixo dar marcha atrás no coche, que foi cando a chica do coche branco apartou o seu para que nos puidésemos pasar.

Meu irmán e máis eu tiñamos moito medo e pedíamoslle a nosa nai que pechase o coche a marcháramos correndo de alí, porque ti, María estabas fora de sí, e tiñamos medo de que nos golpearades a nos tamén.

Meu irmán e máis eu estábamos moi asustados a nosa nai intentou tranquilizarnos decíndonos que era unha familia complicada. Nos non entendíamos como unha nai podía estar pegando así no seu propio fillo, ata que miña nai nos contou que algunhas persoas son maltradoras de por si e dalle igual que sean nenos, adultos ou anciáns. Contounos que un día que ela pasou pola mesma carretara ti, María, estabas a maltratar un señor ancián no medio de carretera, cando te percataches de que un coche se acercaba apartes e o pasar miña nai seguistes pegando en aquel señor tan maior.

Con esto, quero decirche María, que eres una maltratadora é que deberías pensar se a ti che gustaría que che fixeran o mesmo. Non podo expresar con palabras o asco que me das é rabia que me produces cada vez que recordo aquel día no que pegabas no teu fillo como se fose un saco de área e non sentises pena por él. Realmente consideraste una boa persoa? Xa che respondo eu, non o es é creo que nunca o serás.

Despídome de ti e espero que recapacites sobre o que estás a facer.

Un saúdo,

Hola, soy Xiana.

Vengo a decirte que no está bien maltratar a las personas porque si te hicieran algo a ti, a tu familia o a un ser querido no te gustaría. No hagas cosas a la gente que no quieras que te hagan a ti. Cualquier momento del día o de la noche es bueno para decir basta y poner fin a una etapa de tu vida que

hubieras deseado no vivir. NO AL MALTRATO



Diselo a quién maltrata

Hola Mateo:

Lo que no quieras que te hagan a ti, no se lo hagas a nadie, y menos a las personas que te quieren.

Porque haces más daño de lo que crees y eso no está bien.

Pero tú puedes cambiar porque todo el mundo puede cambiar si quiere hacerlo de verdad, si lo deseas mucho seguro que lo consigues.

Si fuiste un niño maltratado, ¿no deberías saber lo que se siente?

¿Y como se sienten los demás cuando los agredes?

Así que tú puedes cambiar, y dejar de actuar así, con tú cambio

Ayudarás a parar el maltrato.

Atentamente :

Carla

Domingo 30 de outubro do 2022

Ola:

Eu son Natael un rapaz de 6º de E.P do colexio C.E.I.P Canosa Rus e eu quería dicirche que se a ti che fixeran o mesmo que fas ti non che gustaría, asegúroche eu! E todo o que estades facendo para min e vergonzoso. Pero non soamente a violencia de xénero, tamén é que cando tedes unha parella non lle deixades saír da casa ou piso, iso dame igual e coa sociedade de hoxe en día que lle peguedes a vosa parella porque fale con outra xente , e vergoñoso porque estamos en 2022 case 2023. Tamén non sei se sabedes que as persoas teñen dereitos.

E as persoas poden facer o que queiran ou ser o que queiran porque vós, os maltratadores non sodes quen para dicirlle a alguén o que poden facer ou ser porque vos o único que queredes ver son persoas mortas e secuestradas porque non me quero imaxinar as familias das vítimas.

Atentamente

Natael Rega Trigo

CEIP Canosa-Rus

XIX CONCURSO . DILLO A QUEN MALTRATA

Estimado maltratador:

Son Lucía Llamas Pose, unha nena do CEIP Canosa Rus. Intento ser educada aínda que me parece que deberías deixar de maltratar a homes e mulleres. Poderías deixar o mal atrás e empezar de cero?

Isto pregúntocho porque detrás da xente que maltratas ou matas hai unha familia que sofre porque ten ao seu fillo\la morto, secuestrado ou desaparecido sen deixar rastro. Por favor , para de maltratar a homes e mulleres inocentes, e xa que intento que mellores; pídoche que non pegues á xente por ser gay ou lesbiana, porque iso non ten nada de malo . Todos temos unha maneira de amar a chicas e chicos e asegúroche que sempre é diferente o que sinte o noso corazón.

Ademáis, se a túa exparella ou exmuller non quere volver contigo ou ten razón nalgunha cousa non fai falla que a maltrates ou a mates a ela nin aos seus fillos. Porque si un neno\la queda sen nai ou pai é moi doloroso é triste, aínda é máis triste que a mates ou maltrates diante deles.

A última cousa que podes cambiar é eso de secuestrar a nenos ou a nenas para facerlles dano ou para acabar cas súas vidas porque esos nenos\as teñen familias que neste momento están moi tristes esperando que os seus nenos e nenas estean ben. Eu sei que podes cambiar para mellor; pero tes que ir pouco a pouco cambiando esas cousas malas e mellorar.

Atentamente: Lucía Llamas Pose do CEIP Canosa Rus.

Venres, 28 de outubro do 2022

Ola, maltratadores:

Son Cris, unha nena de 6º do CEIP Canosa Rus. Quería contarvos non que tedes que maltratar a ninguén nin fisicamente nin verbalmente nin psicoloxicamente, porque non só fas dano á vítima se non que tamén a vos mesmos. Que se a vós non vos gusta, non llo fagades aos demais, porque é cruel, que se necesitates axuda pedídela pero non vos desafoguesdes pegando, insultando, e incluso matando. Eu escribo esta carta porque hai xente que coñezo que recibe bulling e que se clava o bolígrafo no brazo, porque se burlan de el, de como é, por iso sei que se pasa moi, moi, moi mal. Bueno, espero que con esta carta recapacitedes e non maltratedes máis.

Un saúdo

Cristina Suárez Gómez

CEIP Canosa-Rus

Coristanco, 3 de novembro de 2022

Ola:

Son Adrián, un neno de sexto de E.P. Estiven tratando a violencia de xénero no cole, teño unas preguntas que facerche, porque non entendo: Por que unha persoa non pode saír soa ? Por que lle miran o móbil para saber con quen fala? Por que a illamos para que non teña amigos? Por que se lle dí sempre que non é ninguén e non vale para nada? Isto é violencia psicolóxica.

Tampouco entendo, como alguén pode pegar a outra persoa? Insultala? E quitarlle a súa liberdade. Non entendo como se pode pegar tanto e tan forte para chegar a matar.

Quixera que me explicaras como se pode facer tanto mal a outro ser humano, e tamén que me dixeras se a ti che gustaría que che fixeran esas cousas, ou que llas fixeran a túa nai, o teu pai, ou a unha irmá ou irmán.

Quero que saibas que me parece moi mal, que ser un maltratador/a é de persoas débiles e ruíns. Que ninguén é mellor que outro/a e que tes que poñerte na pel do outro/a para entender e saber canto mal se lle pode facer a alguén, e como lle podes arruinar a vida.

Quixera que reflexionases sobre todo isto e te deras conta que é unha locura e que cambiases, que pedises axuda para deixar de facerlle mal a outras persoas.

Atentamente, Adrián Lorenzo Espasandín, dende o C.E.I.P Canosa-Rus.

Venres 18 de novembro 2022

Querido profanador:

Chámome Alex, pensa en todas esas persoas que maltrataches, maltratas e maltratarás.

Gustaríache que cho fixeran a ti? Pensa que sofren. Non pido máis: non pegues, non mates ,non maltrates.

Desde o C.E.I.P. Canosa- Rus dígoche: Vaite!!! Pide perdón a todos . Faite amigo : Así pódese ter persoas que che axuden en momentos difíciles, pero se non queren non os forces. Todos somos persoas e todos temos dereitos. Sexan listos , amables, feos, guapos. Se non me fas caso recorda que estamos na vida real non en películas. Ah! E sobre todo para ter amigos non debes maltratar.

Despídome, chao!

Alejandro Abelenda de 6ºA

Bos días, maltratador:

Quero falarche sobre o maltrato de xénero. Eu creo que non se pode pegar a xente. Non se pode pegarlle as persoas porque queres, tes que ter moitas razóns, por exemplo: que te estean empuxando, que che collan as cousas sen teu permiso, que che fagan bullying, etc... E aínda así hai outras maneiras de arranxar eses problemas. Pero o que non se pode é pegarlle as persoas porque queres, tes que ter unha razón. Pon iso quero que pares de facer as cousas que che apetezan. Tes que pedir permiso e respectar a comunidade, Deséxoche boa sorte e que cambies.

Preguntas para que penses:

Por que o fas?

Por que che gusta fascelo?

Gustaríache que cho fixeran a ti?

ISAAC ANTONIO GOMES FERNANDES

Xoves 27 de outubro do 2022

Boas tardes acosador :

Hoxe vin un vídeo dunha muller que maltratava ao seu marido enfermo que a semana pasada tivera un accidente de coche . A súa muller un día tirouno da silla de rodas e ela marchou, pasou todo o día no chan, volveu con moitas bolsas de roupa e marcas caras . Ao día seguinte levou ao seu marido ao parque e deixouno solo. Despois pasou por aí unha muller e recoñeceuno, faloulle ao home e contoulle todo, e que lle ía axudar porque el axudoulle unha vez cando o necesitaba . Logo díxolle que o levaría a todas as rehabilitacións que necesitara e el doulle as grazas. Despois dunha semana a súa muller estaba con outro home e deixouno , porque dicía que o home novo tiña moitos cartos .

Ao mesmo tempo o home novo díxolle que tiña fillos e unha muller xa, ela quedouse sen casa e sen nada . Despois de tres meses a rapaza estaba buscando comida e entrou nun restaurante, este restaurante era do home que estaba enfermo e da muller que o axudou a recuperarse . El xa podía andar , ela non o podía crer. Suplicoulle que volveran a estar xuntos pero el díxolle que no, que estaba feliz ca persoa que estaba . Pero o home foi amable despois de todo o que lle fixera . E deulle de comer . E marchou ca súa moza. Gustaríache que cho fixeran a ti ?Pois ti non llo fagas aos demais.

Lorena García Micsa

Loves 27 de outubro de 2022

Ola, Maltratador:

Non me gusta que maltraten a xente. E ti es un deles. Sabes que é o malo de ser maltratador ?Que ao final, vante descubrir e irás o cárcere. O peor de todo, vante quedar sen amigos e sen ninguén que te queira. Se cho fixeran a ti non che gustaría. Seguro que che fixeron algo malo, se non cho fixeran serías normal. Ei deixa de facelo e non te preocupes.

Sabías que hai algo chamado KARMA? Seguro que che afecta a menos que pares. E ao que che fixo mal ten KARMA! Para que pares vouche facer una lista do que tes que facer:

Dar diñeiro a persoas necesitadas, deixa ser libre a quen coñezas, ser mellor persoa, non facer sentir mal a alguén e intentar facerlle caso e querer a alguén. Se non terás moi mal...

KARMA!!!!

Con ningún cariño, unha alumna de 5º de primaria do CEEP CANOSA R.U.S.

27/10/2022

Bos días Uxía:

Escriboche está carta porque estes días estás moi desilusionada. Sei que Lucas che está insultando no colexio. Déixoches ideas para pedir axuda a algunhas persoas. Pídelle axuda ao teu profesor para que Lucas pare de insultarte, se non che fai caso pídelles axuda aos teus pais porque seguro que che apoian.

Agardo que pare de insultarte porque che guste a cor azul, porque as cores non son de nenos ou de nenas, son de todos. Tamén porque tes o pelo curto e cada un pode ter o tamaño de pelo que queira. Porque aínda que che gusten os coches ou os videoxogos, a cada un pódennlle gustar os xoguetes que queira. Se teus pais non che axudan podes pedir axuda ao 112 para estar segura de que alguén che vai axudar. Espero que estes consellos che axuden e que esteas feliz e contenta como sempre. Espero que Lucas pare de insultar a todo o mundo.

Ata pronto, a túa amiga Alba.

Mércores 3 de outubro do 2022.

Bos días, estimado maltratador

Vouche contar unha historia. Érase unha vez unha nena que vivía nun piso. O seu pai maltratába a ela e a súa nai, pegáballes, non lles deixaba saír da casa facíalles queimaduras e insultábaas.

Era tan grave que tiñan que ir ao médico. A nena medrou con medo e quería mudarse ca nai pero o pai non lles deixaba. A nai cando estaba o pai durmindo chamou a policía para convocar un xuízo, quería darlle a nena un agasallo por Nadal.

A nena espertouse un día ca aspiradora e súa nai díxolle a sorpresa, púxose moi contenta e abrazou a nai fortemente.

O día do xuízo a nai e a filla convenceron ao pai para ir de paseo, foron camiñando e pararon 3 veces a tomar algo. Chegando ao xuízo o pai dixo: Por que xirades.?

E os policías que alí apareceron de sorpresa díxéronlle ao pai: "Séntese". A nai declarou todo o que lle fixo malo durante moitos anos.

Pero o pai sobornou aos xuíces e convenceunos de que a nai dicía mentiras.

As veces as cousas non son xustas.

Chao.

Manuel Pose Vázquez

Bos días Johnny:

Porque maltratas as persoas? Por que o fas?

Porque che gusta que as persoas se sintan mal.?

Gustaríache que cho fixeran a ti?

Espero que saibas do que che falo, senón recordareicho...

Ti estabas saíndo de comprar nunha tenda de máquinas e unha muller saíu dunha rúa estreita, collécheslle as cousas que levaba enriba e fixécheslle moito dano dándolle golpes.

Sei que cando eras pequeno che pegaban e insultaban pero iso non xustifica que agora de maior llo fagas ti aos demais.

Recapacita sobre o que estás a facer, non che vai a traer ningunha consecuencia boa na túa vida.

Estás a tempo de cambiar.

Jago

Bos días, maltratador:

Quero falarche sobre o maltrato de xénero. Eu creo que non se pode pegar a xente. Non se pode pegarlle as persoas porque queres, tes que ter moitas razóns, por exemplo: que te estean empuxando, que che collan as cousas sen teu permiso, que che fagan bullying, etc... E aínda así hai outras maneiras de arranxar eses problemas. Pero o que non se pode é pegarlle as persoas porque queres, tes que ter unha razón. Pon iso quero que pares de facer as cousas que che apetezan. Tes que pedir permiso e respectar a comunidade, Deséxoche boa sorte e que cambies.

Preguntas para que penses:

Por que o fas?

Por que che gusta fascelo?

Gustaríache que cho fixeran a ti?

ISAAC ANTONIO GOMES FERNANDES

Malas tardes maltratador:

Eu teño unha pregunta para ti. Porque maltratas ás mulleres? É unha pregunta máis. Porque maltratas a túa muller? Ademais díxome un pasariño que quere divorciarse de ti porque a tratas mal. Eu escriboche esta carta para salvar o teu matrimonio. Nesta carta douche unha lista coas cousas boas que tes que facer para ir a mellor.

1. Deixarlle poñer a roupa que ela queira.
2. Darlle diñeiro, porque tamén é o seu diñeiro.
3. Deixarlle facer amigas porque ten o mesmo dereito ca ti.
4. Deixarlle saír da casa cando ela queira.
5. Deixarlle falar co quen queira.
6. Deixarlle dicir a súa opinión.

E por último. Non fañas aos demais o que non queres que che fagan a ti.

IZAN

Loves, 27 de outubro de 2022

Estimado Pepe:

Mándoches esta carta para falar da violencia de xénero. Vin nas noticias que maltrataches a túa muller, gustaríache que cho fagan a ti? Non, verdade? Entón non llo fagas a ninguén.

Aínda que a ti non che doia, á persoa que llo fas doelle moito. Mira, eu coñezo unha persoa que insultou a súa muller, a muller denunciouno e tivo no cárcere 8 anos. Agora si túa muller te denuncia irás o cárcere.

Se algunha vez che pasa isto chamas ao 016 e denuncias ao maltratafor. A violencia de xénero non só é pegar se non tamén insultar. Agora que xa o fixeches xa non podes volver ca túa muller porque vai pedir o divorcio. Eu teño unha pregunta moi interesante:

Por qué empezastes a pelexarvos? Porque eu non lle vexo ningún sentido? Ei?

Atentamente Brais Queaires Calvo

Xoves 27 de outubro do 2022

Bos días maltratador.

Solo quería dicirche un par de cousas. Primeiro, por que o fas?. Non o entendo porque o fixeches, cando sería mellor non o facer. Gustaríache que cho fixeran a ti? Vouche contar unha historia. Unha muller que foi maltratada ía a ser nai, a nena naciou así con moito medo. Foi medrando e medrando ata que se fixo grande Cada vez vez tiña máis e máis medo. Dous anos despois foi maltratada dunha maneira..

Secuestrárona e levárona para a súa casa(A do secuestrador). Obligárona a facer un millón de cousas que non quería. E a partir de iso,o maltratador non o volveu a facer. Espero que che sirva para reflexionar.

Daniel Vázquez

Xoves 27 de outubro 2022

Bos días, estimado Juan Lucas:

Juan Lucas, vouche a facer unhas preguntas. Porque maltratas Juan Lucas?

A ti gustaríache que cho fixeran? Creo que non.

Espero que non o fagas máis porque lembra "non fagas o que non queres que cho fagan a ti."

Vouche contar unha historia: hai moito tempo había un matrimonio de Patricia e Juan que tiveron problemas. E enfadáronse porque Juan maltratábaa Patricia e por iso Patricia está no hospital.

Gustouche a historia? Creo que non, a ningún lle gustaría iso.

Direiche algo, a historia é real pasou con moita xente.

Bueno Juan Lucas espero que cambies de opinión sobre o que fas.

Adeus.

José David.

Bos días, maltratador:

Quero falarche sobre o maltrato de xénero. Eu creo que non se pode pegar a xente. Non se pode pegarlle as persoas porque queres, tes que ter moitas razóns, por exemplo: que te estean empuxando, que che collan as cousas sen teu permiso, que che fagan bullying, etc... E aínda así hai outras maneiras de arranxar eses problemas. Pero o que non se pode é pegarlle as persoas porque queres, tes que ter unha razón. Pon iso quero que pares de facer as cousas que che apetezan. Tes que pedir permiso e respectar a comunidade, Deséxoche boa sorte e que cambies.

Preguntas para que penses:

Por que o fas?

Por que che gusta facelo?

Gustaríache que cho fixeran a ti?

ISAAC ANTONIO GOMES FERNANDES

Malas tardes maltratador:

Eu teño unha pregunta para ti. Porque maltratas ás mulleres? É unha pregunta máis. Porque maltratas a túa muller? Ademais díxome un pasariño que quere divorciarse de ti porque a tratas mal. Eu escriboche esta carta para salvar o teu matrimonio. Nesta carta douche unha lista coas cousas boas que tes que facer para ir a mellor.

1. Deixarlle poñer a roupa que ela queira.
2. Darlle diñeiro, porque tamén é o seu diñeiro.
3. Deixarlle facer amigas porque ten o mesmo dereito ca ti.
4. Deixarlle saír da casa cando ela queira.
5. Deixarlle falar co quen queira.
6. Deixarlle dicir a súa opinión.

E por último. Non faças aos demais o que non queres que che fagan a ti.

IZAN

Loves, 27 de outubro de 2022

Estimado Pepe:

Mándoches esta carta para falar da violencia de xénero. Vin nas noticias que maltrataches a túa muller, gustaríache que cho fagan a ti? Non, verdade? Entón non llo fagas a ninguén.

Aínda que a ti non che doia, á persoa que llo fas doelle moito. Mira, eu coñezo unha persoa que insultou a súa muller, a muller denunciouno e tivo no cárcere 8 anos. Agora si túa muller te denuncia irás o cárcere.

Se algunha vez che pasa isto chamas ao 016 e denuncias ao maltratafor. A violencia de xénero non só é pegar se non tamén insultar. Agora que xa o fixeches xa non podes volver ca túa muller porque vai pedir o divorcio. Eu teño unha pregunta moi interesante:

Por qué empezastes a pelexarvos? Porque eu non lle vexo ningún sentido? Ei?

Atentamente Brais Queaires Calvo

Xoves 27 de outubro do 2022

Bos días maltratador.

Solo quería dicirche un par de cousas. Primeiro, por que o fas?. Non o entendo porque o fixeches, cando sería mellor non o facer. Gustaríache que cho fixeran a ti? Vouche contar unha historia. Unha muller que foi maltratada ía a ser nai, a nena naciou así con moito medo. Foi medrando e medrando ata que se fixo grande Cada vez vez tiña máis e máis medo. Dous anos despois foi maltratada dunha maneira..

Secuestrárona e levárona para a súa casa(A do secuestrador). Obligárona a facer un millón de cousas que non quería. E a partir de iso,o maltratador non o volveu a facer. Espero que che sirva para reflexionar.

Daniel Vázquez

Xoves 27 de outubro 2022

Bos días, estimado Juan Lucas:

Juan Lucas, vouche a facer unhas preguntas. Porque maltratas Juan Lucas?

A ti gustaríache que cho fixeran? Creo que non.

Espero que non o fagas máis porque lembra "non fagas o que non queres que cho fagan a ti."

Vouche contar unha historia: hai moito tempo había un matrimonio de Patricia e Juan que tiveron problemas. E enfadáronse porque Juan maltratábaa Patricia e por iso Patricia está no hospital.

Gustouche a historia? Creo que non, a ningún lle gustaría iso.

Direiche algo, a historia é real pasou con moita xente.

Bueno Juan Lucas espero que cambies de opinión sobre o que fas.

Adeus.

José David.

Coves 27 outubro 2022

Bos días María

Ca sei que o pasas mal co teu marido. Porque che fai iso?

Sábelo? Eu non sei ,so sei que che maltrata.

Que che fai? Estache afogando ou algo? Se cho fai chama ao 016 sen que che vexa senón enfadarase 'coma sempre'.

Se queres podes vir a miña casa, teño un libro que se titula "Contra a violencia ade xénero" que ten moitos consellos de que facer se che maltratan.

Para que non cho vexan poñémoslle unha tapa de Dragón Ball por fóra para camuflalo. O papel xa llo poño eu .na miña casa, así que cando cho dea non penses que é de Dragón Ball .Espero a túa resposta.

Conta connigo, un bico, Daniel Pena.

Sáídeos acosador.

Mándoche esta carta para contarche que o que fas está mal. Vouche preguntar.

Unhas cousas: Por que fas isto?

A ver ímonos a poñer a pensar, ti insultas, pero por que? Si despois solo o que consegues é que a persoa que insultas xa non queira xogar nunca máis contigo.

Se fas así con todos non vas ter ningún amigo con quen xogar. Se pegas o que pasa e que os maiores vante castigar ademais, a ti gustaríache que cho fixeran?

Porque a mi non.

Eu creo que é mellor non pegar e así van querer xogar contigo todos, non insultes, iso é feo. Se non o fas non se sentirán mal os demais, porque sentirse mal non mola. Agora que che teñen medo eu diría que cando esten xogando preguntalles se podes xogar con eles e pedirilles perdón polo que fixeches e prometerlle que non o vas a volver a facer.

Estela

Xoves, 27 de outubro do 2022

Bos días maltratador:

Que che parece o que estás facendo? A min non me gusta nada pero se a ti che parece correcto...

A ti gustaríache que che maltrataran? Porque a maioría das persoas non lle gusta nada.

Como cres que estarán as persoas as que as maltrataron? Eu creo que non moi ben.

¿I coñeces a algunha persoa que estea ben despois de sufrir iso? As cores non son nin de neno nin de nena, cada un pode ser como queira da igual que sexas rubio, moreno, gordo, delgado etc.

Cada un está ben da maneira que é , porque todas as persoas somos diferentes e se foramos todos iguais non creo que nos divertiramos moito. Todo o malo fai dano, da igual que che pegaran, que che insultaran nada de iso está ben.

E recorda, non lle fañas a os demais o que non queres que che fañan a ti.

Espero que non sigas por ese camiño.

Moitos saúdos de parte de Carla.